

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.

9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Segundo a Constitución, quen designa ao Defensor do Pobo?:**

- A) O Goberno.
- B) O Congreso.
- C) O Senado.
- D) As Cortes Xerais.

**2. Segundo o artigo 9 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, os nomeamentos de substitución expediranse cando resulte necesario atender as funcións de persoal fixo ou temporal:**

- A) Para o desempeño dunha praza vacante nos centros ou servizos de saúde.
- B) Para a presentación de servizos de natureza extraordinaria.
- C) Para prestar servizos complementarios dunha redución de xornada.
- D) Durante os períodos de vacacións, permisos e demais ausencias de carácter temporal que comporten a reserva de praza.

**3. Conforme ao establecido na Lei de Saúde de Galicia, entre as funcións que desenvolve o Servizo Galego de Saúde NON se atopa:**

- A) A planificación, coordinación e xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros asignados ao servizo para o cumprimento dos seus fins.
- B) A proposta dos módulos económicos para a prestación de servizos propios e a aprobación dos concertados.
- C) A introdución de novas técnicas e procedementos diagnósticos e terapéuticos, previa avaliación dos mesmos en termos de eficacia, seguridade, custo e impacto desde o punto de vista bioético.
- D) A planificación, xeración, posta a disposición e avaliación dos recursos que precise en cumprimento dos seus fins.

**4. O artigo 3 da Lei Xeral de Sanidade establece que os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente a:**

- A) A promoción do benestar social.
- B) A promoción da saúde e a prevención da enfermidade.
- C) A tutela das garantías e dereitos sanitarios.
- D) As respostas b) e c) son correctas.

**5. Segundo o Decreto-Legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos:**

- A) Dez puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- B) Quince puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- C) Vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- D) Vinte e cinco puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

**6. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, son retribucións básicas:**

- A) O soldo e os trienios.
- B) O soldo, os trienios e as pagas extraordinarias.
- C) O soldo, os trienios e o complemento de carreira.
- D) O soldo, os trienios, as pagas extraordinarias e o complemento de destino.

**7. Segundo o réxime de provisión e selección de prazas, indique a opción correcta relativa á mobilidade voluntaria:**

- A) O Servizo Galego de Saúde procederá a convocar periodicamente, preferentemente cada tres anos, un procedemento de mobilidade voluntaria polo sistema de concurso de traslados.
- B) Os concursantes que obteñan praza mediante o sistema de concurso de traslados deberán cesar na que, no seu caso, desempeñen, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.
- C) A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos quince días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área de saúde.
- D) O prazo de toma de posesión será de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución definitiva do concurso, no caso de que a adxudicación de praza supoña o reingreso ao servizo activo.

**8. Segundo a Lei galega 3/2001 reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, indique a opción correcta:**

- A) A historia clínica é propiedade do paciente, sendo a súa custodia responsabilidade da Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria.
- B) O paciente ten o dereito de acceso á documentación da historia clínica e a obter copia dos datos que figuran na mesma.
- C) O titular do dereito á información previa ao consentimento informado é o paciente e as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**9. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta de Galicia está composta por:**

- A) O Presidente, o Vicepresidente ou Vicepresidentes, no seu caso, e os Conselleiros.
- B) O Presidente da Xunta e os Conselleiros.
- C) O Presidente, o Vicepresidente ou Vicepresidentes, os Conselleiros e os Secretarios Xerais das Consellerías.
- D) O Presidente da Xunta, o Vicepresidente ou Vicepresidentes e a Administración Pública Galega.

**10. Conforme ao exercicio das competencias do Sistema Público de Saúde de Galicia, indique a opción correcta:**

- A) A definición e establecemento dos obxectivos relativos aos dereitos da cidadanía e a súa comunicación e garantía corresponde ao Consello da Xunta de Galicia.
- B) A aprobación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia corresponde á Consellería de Sanidade.
- C) A aprobación do Plan de Saúde de Galicia corresponde ao Consello da Xunta de Galicia.
- D) O desenvolvemento dos programas de actuación sanitaria corresponde á Consellería de Sanidade.

**1. Segundo a Constitución, cal é o tempo máximo de duración da detención preventiva?**

- A) 24 horas.
- B) 48 horas.
- C) 72 horas.
- D) O que se determine pola Lei.

**2. Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995 de Prevención de riscos laborais, o primeiro principio xeral da acción preventiva é:**

- A) Avaliar os riscos.
- B) Evitar os riscos.
- C) Combater os riscos na súa orixe.
- D) Substituír o perigoso polo que entraña pouco ou ningún perigo.